Vistos os informes de Secretaría e de Intervención de data 22.07.2025 e 23.07.2025, respectivamente.

Vista a memoria xustificativa, que existen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local pola necesidade urxente de aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira ao abeiro do previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA que se incorpora como anexo desta Resolución.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

CUARTO.- Conceder á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, con NIF G15760143, unha subvención por un importe máximo de VINTE MIL CINCOCENTOS EUROS (20.500 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias 135 48900 por importe de 14.500 euros e 135 78900 por importe de 6.000 euros do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2025, para contribuír a financiar os gastos correntes e investimentos da Asociación.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

Anexo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA

En Cedeira, a ***** de 2025

REUNENSE



Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaría da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Alberto Díaz García, provisto de D. N. I. Núm. na súa condición de Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira con C. I. F. G15760143 e domicilio social en Rúa dos Deportes s/n, Cedeira.

Ambas as dúas parte reconécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira ten como finalidade social adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, actuar en caso de risco ordinario e protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou contingencias análogas, tal e como ven definido na Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira (AVPC) de acordo coas súas competencias en materia de protección civil atribuídas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data ***** de 2025 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio, a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos correntes e investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

Considéranse investimentos os bens inventariables cun custo unitario superior a 100 euros. O obxecto do investimento deberase manter no inventario da entidade beneficiaria durante un período mínimos de dous anos, contados desde o momento da súa adquisición.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención nominativa de 20.500 € que se reparten do seguinte xeito:

- 14.500,00 € destinados a gastos en actividades con cargo a aplicación orzamentaria 135 48900.
- 6.000,00 € destinados a investimentos con cargo a aplicación orzamentaria 135 78900.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria.

A AVPC deberá cumprir a finalidade propia das actividades da protección civil na promoción de prevención e autoprotección cidadana, así como a colaboración, auxilio e apoio aos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas na lexislación, nos seus Estatutos, no Plan de Emerxencias Municipal e demais plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das labores da AVPC se entenden engadidas cantas actuacións de protección e prevención de persoas ou bens nos eventos celebrados en Cedeira, sexan ou non organizados polo Concello aínda que terán sempre prioridade tanto os organizados polo Concello como polas asociacións ou entidades rexistradas no mesmo, como os solicitados polo 112, e especialmente nos que se prevea afluencia notable de persoas, ou en auxilio da Policía Local e outros Forzas e Corpos de Seguridade cando estes o soliciten.

Do mesmo xeito a entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos e/ou actividades obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado da Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade a Presidencia para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2025, referidos ás actividades e investimentos subvencionados.
5. Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou



autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.

6. Declaración do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.

7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.

No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira, en particular:

- Inversión en bens e equipos relacionados coa Protección Civil
 - Gastos de reparacións e mantemento de instalacións. Incluindo entre outros en este concepto: electricidade, auga, alcantarillado, material de oficina, teléfono e internet, vixilancia, produtos de limpeza.
 - Gastos de reparacións e mantemento de vehículos e maquinaria adscritos a Protección Civil. Incluindo entre outros en este concepto: Combustíbeis, seguros, revisións de material, etc.
 - Inversión en gastos en uniformidade segundo establece a regulación da Xunta en acreditación, uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa de estas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
 - Inversión e gasto en equipamento e material relacionado coas emerxencias que atende a AV Protección Civil, tales como: Incendios, salvamento, primeiros auxilios, plans especiais, etc.
 - Inversión e gasto en equipamento e material relacionado co plans especiais subscritos ou que atende por delegación a AV Protección Civil, tales como: Servizos en beneficio da comunidade, Socorrismo, Control de pragas, etc.
 - Dietas de aloxamento, manutención e gastos de viaxe, cando estean relacionados co operativos especiais autorizados polo Concello, ou realización de cursos de formación de Protección Civil, en termos similares aos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
 - 50% do custo dos permisos de condución B e C, Autorización Federativa para Embarcacións, e aqueles outros permisos ou licencias necesarios para o desenvolvemento das actividades da AVPC.
 - Gastos relacionados co control de animais, pragas, especies invasoras, etc.
 - Gastos ocasionados nos operativos de PC, relacionados coa loxística e o avituallamento dos operativos.
 - Gastos ocasionados co recoñecementos públicos, honras, condecoracións, e/ou a concesión de medallas e distincións por feitos relacionados coa Protección Civil, segundo normativa aplicable da Xunta de Galicia e/ou a ANAV Protección Civil.
 - Cantidades non aboadas de subvencións recibidas doutras Administracións Públicas ata chegar a contía do 100%.
- Porcentaxes restantes de subvencións parciais recibidas doutras Administracións Públicas.
- Non están incluídas as atencións estritamente protocolarias, comidas, agasallos e de similar natureza.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificativos e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2026** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse co gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto coas nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixo constancia da contía pagada, o concepto, o receptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.



6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen precedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2025.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola AVPC de Cedeira

O Presidente
Alberto Díaz García

A SECRETARÍA

Ana Velo Ruiz”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 375/2025 DE DATA 29.07.2025 - APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA COMISIONS DE FESTAS PARROQUIAIS 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 375/2025 de data 29.07.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA COMISIONS DE FESTAS PARROQUIAIS 2025

O Concello ven subvencionando en concorrencia non competitiva as actividades realizadas polas distintas comisións de festas parroquias do concello para o cal mediante providencia de data 2307.2025



iniciouse o procedemento para a aprobación das Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas as comisións de festas de Cedeira para o ano 2025.

Dentro do expediente do orzamento figura unha partida para convocatoria pública de subvencións para festas parroquiais por un total de 4.000,00 € na aplicación orzamentaria 338.489.00.

Resultando que en data 23.07.2025, asínase por esta Alcaldía o borrador das Bases da convocatoria da referida subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, a que poderán optar todas as comisións de festas do Concello de Cedeira.

Visto o informe de Secretaría de data 28.07.2025 e o informe de Intervención da mesma data.

Consta no expediente retención de crédito número 220250007260 emitida pola Intervención Municipal, na aplicación orzamentaria 338.489.00, por un importe de 4.000,00€ para o exercicio 2025.

Unha vez vista a documentación que se cita, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a convocatoria pública de subvencións para Comisións de Festas e o gasto correspondente por un total de 4.000,00 € na aplicación orzamentaria 338.489.00.

Terceiro.- Aprobar as bases para a tramitación das subvencións, que se incorporan como anexo a esta proposta.

Cuarto.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinto.- O prazo de presentación de solicitudes comezará dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado electronicamente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria dou fe.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES DE COMISIONES DE FESTAS DE CEDEIRA PARA O ANO 2025.

Primeira. Obxecto. Gastos de Comisións de Festas parroquiais para o ano 2025.

Segunda. Entidades beneficiarias e requisitos. Serán beneficiarias as Comisións de Festas con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro, para a realización de festas nas parroquias, que cumpran os seguintes requisitos:

- Non contravir o regulado nos artigos 10 e 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



- No caso de asociacións que foran beneficiarias de subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello de Cedeira, deberán telas debidamente xustificadas.
- Cumprir os requisitos da convocatoria.

Terceira. Forma, lugar, prazo e documentación da presentación de solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacionais de Subvencións.

As instancias presentaranse na sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015. De 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e formalizarase mediante una solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de subvención (Anexo A), asinada pola Presidencia da comisión a cargo equivalente.
- Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución. (Anexo A)
- Proxecto-memoria das actividades ou programa a realizar. (Anexo B)
- Declaración xurada da persoa solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social ou autorización para a súa comprobación por parte do persoal do concello (Anexo A)
- Declaración xurada da persoa solicitante de non contravir o regulado nos artigo 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (Anexo A)
- Copia da póliza de responsabilidade civil en vigor acompañada do recibo de pago do ano en curso.
- Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.
- Fotocopia do DNI/ NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do CIF da comisión.

Cuarta. Crédito orzamentario e importe. As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 338.48900 por importe de 4.000,00 € para festas populares e festexos; repartirase a partes iguais entre as solicitudes presentadas e que cumpran os requisitos para obter a subvención, ata esgotar o crédito orzamentario.

O importe da subvención poderá acadar o 100 por 100 dos gastos propostos.

Quinta. Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobada en Xunta de Goberno Local a concesión das subvencións, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en



concepto de garantía.

O importe restante aboarase unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na base 8.

O pagamento farase mediante transferencia ao número IBAN achegado, unha vez presentada e comprobada a documentación sinalada.

Sexta. Réxime de compatibilidade. As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello.

Quedan excluídas destas subvencións as asociación ou entidades coas que o Concello estableza convenio ou subvención nominativa.

Sétima. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento. Comisión Avaliadora, Concesión e Seguimento das Subvencións. Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das que se formulará a proposta de resolución. A Comisión de valoración estará composta por:

- Presidencia: a titular da Concellería de Cultura ou persoa en quen delegue.
- Vocais:
 - o o titular da Concellería de Facenda ou persoa en quen delegue
 - o a AEDL do concello ou persoa en quen delegue
 - o a persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz e sen voto
- Secretaría: unha administrativa dos Servizos económicos do Concello, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

Á vista da documentación que consta no expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, a Comisión de valoración formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os/as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal. A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias.

Se se renunciase á subvención por algunha das entidades beneficiarias ou quedase crédito sobran-



como consecuencia da xustificación insuficiente presentada por algunha entidade, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión do importe sobranste da subvención ao resto de entidades beneficiarias.

Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

O órgano concedente da subvención comunicará esta opción ás entidades interesadas a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte da entidade solicitante, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá a súa notificación nos termos establecidos na lei.

Contra o acordo que se adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da resolución.

Oitava. Prazos de execución e xustificación da subvención.

A data límite para executar as actividades obxecto da subvención outorgada será o 31 de decembro de 2025.

A data límite para xustificar a subvención será o último día do mes de febreiro de 2026.

A xustificación realizarase mediante a presentación da documentación sinalada a continuación na sede electrónica do Concello e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Memoria da realización da actividade efectuada
- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención, así como unha relación das mesmas.
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Cumprir os requisitos técnicos esixidos pola normativa que regulen as características da factura e o seu contido.
- Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
- Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social.

Novena. Control financeiro. As subvencións concedidas polo Concello están suxeitas a control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.



Décima. Regulación supletoria. En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 376/2025 DE DATA 29.07.2025 - APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 376/2025 de data 29.07.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025.

O Concello ven subvencionando en concorrencia competitiva as actividades e investimentos relacionados con entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades deportivas para o cal mediante providencia de data 23.07.2025 iniciouse o procedemento para a aprobación das Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións deportivas de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025.

Dentro do expediente do orzamento figura unha partida para convocatoria pública de subvencións para actividades relacionadas con programas e actividades vinculadas á área de deportes por un total de 45.000,00€ na partida 341.489.00 e para investimentos por un total de 15.000,00€ na partida 341.789.00.

Resultando que en data 23.07.2025, asínase por esta Alcaldía o borrador das Bases da convocatoria da referida subvención, en réxime de concorrencia competitiva, a que poderán optar todas as entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas á área de deportes rexistradas no Rexistro de entidades cidadás do Concello de Cedeira.

Visto o informe de Secretaría de data 28.07.2025 e o informe de Intervención da mesma data.

Consta no expediente retención de crédito número 220250007258 emitida pola Intervención Municipal, na aplicación orzamentaria 341.489.00, por un importe de 45.000,00€ e retención de crédito número 220250007259 na aplicación orzamentaria 341.789.00, por un importe de 15.000,00€ para o exercicio 2025.

Unha vez vista a documentación que se cita, **RESOLVO:**



Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar o gasto para a convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións deportivas de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025 por un total de 45.000,00 € na aplicación orzamentaria 341.489.00 e por 15.000,00€ na aplicación orzamentaria 341.789.00.

Terceiro.- Aprobar as bases para a tramitación das subvencións, que se incorporan como anexo a esta proposta.

Cuarto.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e a convocatoria na Base de datos nacional de subvencións.

Quinto.- O prazo de presentación de solicitudes comezará dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base de datos nacional de subvencións.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado electronicamente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria dou fe.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Primeira. Obxecto. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades deportivas coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio.

As presentes bases terán como finalidade apoiar e mellorar a práctica deportiva dos clubs e entidades deportivas, subvencionando os programas de actividades deportivas a desenvolver e os investimentos realizados, referidos a proxectos de iniciación deportiva, fomento da práctica e competición deportiva; podendo consistir en programas, eventos ou competicións deportivas concretas ou na actividade ordinaria anual do club ou entidade deportiva solicitante.

O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

Segunda. Conceptos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables, en caso de solicitar a subvención para a **realización de actividades**, os seguintes:



- a. Compra de material non inventariable ou funxible cun importe unitario inferior a 100,00 € (balóns, redes, camisetas, etc.). Para que sexan subvencionables a vestimenta da práctica deportiva deberá levar impreso os logos do concello e do Xeoparque.
 - b. Gastos de desprazamentos, aluguer de medios de transporte, aloxamento e manutención (hoteis, albergues, etc.) necesarios para a participación en encontros e competicións deportivas. Deberase acreditar suficientemente a relación co evento deportivo na correspondente memoria xustificativa.
 - c. Gastos de aluguer de instalacións deportivas.
 - d. Gastos federativos, mutuas, arbitraxes das competicións, etc. Os gastos derivados da participación habitual en competicións oficiais federadas (arbitraxes, taxas federativas, etc.) que non foran aboados polos deportistas.
 - e. Nóminas do persoal técnico e seguridade social, cos requisitos legais.
 - f. Gastos do mantemento do club. Os gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (telefonía, luz, auga, material de oficina funxible, administración, seguros e outros directamente relacionados coa actividade do club).
 - g. Carteis, impresos, pancartas, publicidade de medios de comunicación para a divulgación das actividades e actos da entidade.
 - h. Seguros para a práctica e organización deportiva: Responsabilidade civil, accidente deportivo, asistencia sanitaria federativas.
2. Considéranse gastos subvencionables os seguintes, no caso de solicitar a subvención para a **realización de investimentos**:
- a. Compra de material inventariable relacionado directamente coa actividade deportiva cun importe unitario ou superior a 100 euros.
3. En ningún caso serán subvencionables:
- a. Intereses debedores de contas bancarias.
 - b. Sancións administrativas e penais, así como intereses e recargas que se poidan derivar das mesmas-
 - c. Gastos de procedementos xudiciais.
 - d. Gastos de derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou clubs deportivos (xantares, comidas, ceas, pinchos, etcétera).
 - e. Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.
 - f. Gastos que contraveñan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7-d da Lei xeral de subvencións.

Non se terá en conta, na súa totalidade, a factura ou xustificante de gasto que conteña algún destes conceptos.

Tampouco serán subvencionables aqueles programas nos que se inclúa algunha das seguintes accións:



- a) Actividades que promovan ou xustifiquen calquera forma de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ou calquera outra que atente contra os dereitos fundamentais da persoa.
- b) Aquelas que fomenten ou poidan incitar, directa ou indirectamente, ao uso de drogas, alcol ou tabaco, ou que realicen apoloxía do consumo das mesmas.

Terceira. Requisitos das persoas beneficiarias. Poderán solicitar esta subvención todos os clubs e asociacións deportivas de Cedeira, con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas á área deportiva que reúnan, no momento de presentar a solicitude de subvención, os **seguintes requisitos**:

- a) Estar inscrito/a no Rexistro Municipal de Asociacións, coa documentación actualizada ou ter solicitada a actualización.
- b) Estar inscritos/as en Rexistro de Entidades deportivas da Comunidade Galega, coa documentación actualizada ou ter solicitada a actualización.
- c) Será indispensable para optar á subvención ter xustificada a concedida, no seu caso, o ano anterior.
- d) Estar en posesión dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados da actividade do club fronte a terceiros.
- e) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Non ser sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei Xeral Tributaria.
- g) Non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refiren os artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Obrigacións das persoas beneficiarias. Son obrigacións das persoas beneficiarias as que se sinalan na Lei 38/2003, de 17 de novembro, así como:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade da documentación presentada, para todos os efectos, así como ás inspeccións e controis que se estimen necesarias para verificar a correcta aplicación da subvención concedida, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- b) Xustificar a subvención concedida, presentando na sede electrónica os documentos que se establecen nas bases.
- c) En toda a publicidade relativa ao obxecto da subvención deberá figurar que dita actividade ou investimento está subvencionado polo Concello de Cedeira ou cando menos o logotipo do Concello, así como o logotipo do Xeoparque de Cabo Ortegal e UNESCO.
- d) Comunicar ao Concello de Cedeira a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade, concedidas con posterioridade á data de presentación da solicitude inicial conforme á base Quinta.



- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade de Galicia, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- f) Compromiso de colaborar coa Concellería de Servizos Sociais para que ningún menor en risco de exclusión social quede fóra dos clubs ou entidades deportivas por razóns económicas.

Quinta. Solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As instancias presentaranse na sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e formalizaranse mediante unha solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

1. Declaración responsable e solicitude de subvención (Modelo Anexo A) debidamente asinada.
2. Declaración responsable relativa aos criterios de concesión expostos na base 6ª (Anexo B) debidamente asinada.
3. No seu caso, presentación de carteis, circulares aos socios, panfletos, folletos, capturas de páxinas web, etc., referidos ás actividades declaradas no Anexo D que acrediten a utilización da lingua galega.
4. No seu caso, presentación do contrato de aluguer do local da asociación.
5. Proxecto do programa ou actividade que se vai realizar (Anexo D) e/ou proxecto dos investimentos que se van a realizar (Anexo C) debidamente asinados.
6. Fotocopia do DNI/ NIE da persoa solicitante.
7. Fotocopia do CIF da entidade ou asociación.
8. Certificado da composición da xunta directiva.
9. Copia da póliza de responsabilidade civil en vigor acompañada do recibo de pago do ano en curso.
10. Documentos xustificativos da titulación dos/as técnicos/as deportivos/as.
11. Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.

Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos ou non incorpore a documentación esixida, requirirase á entidade interesada mediante calquera medio acreditativo de que se realizou o requirimento para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa petición, procedéndose en consecuencia ao seu arquivo sen máis trámite.

Sexta. Criterios de concesión. O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

A contía da subvención concederase segundo os puntos que obtivesen en aplicación dos criterios seguintes:



1.- Deporte base. Enténdese por deporte base ou escolas deportivas, toda actividade destinada a fomentar o coñecemento do deporte dunha especialidade dada, desde as categorías inferiores ata xuvenís (inclusive).

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada **dixitalmente** pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante, na que se poña de manifesto a existencia de deportistas nados/as nos anos que se indican.

Puntuación: A puntuación máxima por este criterio será de 30 puntos.

DEPORTE BASE	PUNTOS
Deportistas nados/as entre 2006 e 2008	5
Deportistas nados/as entre 2009 e 2013	10
Deportistas nados/as entre 2014 e 2021	15

2.- Fomento da participación feminina no deporte. Valórase a participación feminina nas distintas modalidades deportivas, computando o número de mulleres federadas sobre o total de deportistas federados/as da entidade solicitante e a realización durante o ano 2024 de actividades de promoción da igualdade (charlas, festivais, eventos, formacións, etcétera,)

Acreditación: Para acreditar a porcentaxe de mulleres federadas na entidade: Anexo D e declaración xurada (Anexo B) asinada **dixitalmente** pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante e para as medidas de promoción da igualdade:

Puntuación: A puntuación máxima para este criterio será de 45 puntos.

PORCENTAXE DE MULLERES	PUNTOS
Entre o 5,01% e o 10,00%	5
Entre o 10,01% e o 20,00%	10
Entre o 20,01% e o 30,00%	15
Entre o 30,01% e o 40,00%	20
Entre o 40,01% e o 50,00%	25
Máis do 50,00%	30

Por cada actividade realizada, 5 puntos, ata un máximo de 15

3.- Número de deportistas federados/as que compoñen o club ou entidade deportiva. Valórase o número de deportistas federados/as que conforman o club na data de presentación da solicitude da subvención.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante.

Puntuación: A puntuación máxima por este criterio será de 30 puntos

Nº DE DEPORTISTAS FEDERADOS	PUNTOS
De 10 a 20	5
De 21 a 30	10
De 31 a 40	15



De 41 a 50	20
De 51 a 60	25
Máis de 60	30

4.- Antigüidade do club (segundo a data de constitución do club ou asociación)

Acreditación: Mediante a presentación do CIF, onde se recolle a data de constitución.

Puntuación: A puntuación máxima por este criterio será de 30 puntos.

ANTIGÜIDADE	PUNTOS
Ata 2 anos	5
Entre 3 e 5 anos	10
Entre 6 e 15 anos	15
Entre 16 e 25 anos	20
Máis de 25 anos	25

5.- Instalacións de uso ou práctica da asociación ou club deportivo. A determinación da puntuación farase atendendo a titularidade e propiedade das instalacións onde se fai a práctica deportiva da asociación, ou se son de titularidade municipal e están a disposición do Club ou entidade deportiva para o seu uso e desfrute de forma exclusiva ou non, se son de propiedade da entidade ou en aluguer.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Se hai propiedade coa escritura ou documentación acreditativa. No caso de aluguer con contrato de aluguer e xustificante de pago actual.

Puntuación: A puntuación máxima por este criterio é de 15 puntos.

	PUNTOS
De titularidade municipal de uso exclusivo	0
De titularidade municipal de uso compartido	5
De propiedade da entidade	10
En aluguer	15

6.- Número de técnicos deportivos titulados e acreditados. Enténdese por adestradora a aquela persoa que teña o club ou entidade deportiva solicitante para preparar ao equipo na práctica da actividade deportiva correspondente. Esta persoa deberá dispor do título en vigor que lle faculte para iso.

Acreditación: Copia dos títulos das persoas que desempeñen as actividades de adestradoras (a cada adestrador, no caso de ter varias titulacións, soamente se lle terá en conta a de máis alto nivel).

Puntuación: A puntuación será en función do territorio que habilite para o desempeño da función de adestrar, a puntuación máxima 20 puntos.

Habilitación dos títulos	PUNTOS
Nacional	5
Autonómico ou Rexional	3
Provincial	2

7. Presenza e participación de profesionais externos. Enténdese por profesional externo aquela persoa



que non forme parte directa do club pero que participe na formación dos diversos membros a través de charlas, cursos... Nesta categoría terase en conta profesionais de ámbito social, educativo e sanitario como poden ser psicólogos/as, educadores/as, fisioterapeutas... Esta persoa deberá dispor do título en vigor que lle faculte para iso.

Acreditación: Copia dos títulos das persoas que participen no club e cartel acreditativo da actividade a realizar.

Puntuación: A puntuación será de 5 puntos por actividade desempeñada por estes profesionais cunha puntuación máxima 20 puntos

8.- Menor importe da cota mensual. A determinación da puntuación farase atendendo ao importe anual de ingresos polas cotas emitidas entre o número de deportistas dividido entre 12 mensualidades.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante.

Puntuación: A puntuación máxima 25 puntos.

	PUNTOS
Mínimo de 10,00 euros	25
Entre 10,01 e 20,00 euros	20
Entre 20,01 e 35,00 euros	15
Entre 35,01 e 50,00 euros	10
Mais de 50,00 euros	0

9.- Organización de actividades, torneos, eventos, etc. Puntuarán neste apartado os eventos deportivos en xeral que se realicen no termo municipal durante o 2024, sendo indiferente que sexan eventos deportivos federados/as ou non e con independencia das categorías participantes (benxamín, cadetes, etc.), tanto feminina como masculina e da súa duración nun ou varios días.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e de non ser así poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 1 punto por actividade realizada, cunha puntuación máxima 10 puntos.

10.- Organización de actividades, torneos, eventos, etc. EN COLABORACIÓN con outras entidades (outros clubs, asociacións socioculturais, ...) e/ou có Concello de Cedeira. Puntuarán neste apartado os eventos deportivos en xeral que se realicen no termo municipal durante o 2024, sendo indiferente que sexan eventos deportivos federados ou non e con independencia das categorías participantes (benxamín, cadetes, etc.), tanto feminina como masculina e da súa duración nun ou varios días (exemplos: actividades durante as festas patronais, semana deportiva, etc.) que se realicen en colaboración con outras entidades ou clubs.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e de non ser así poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 5 puntos por actividade realizada, cunha puntuación máxima 20 puntos.



11.- Impresión do logotipo do Concello de Cedeira e do logotipo do Xeparque de Cabo Ortegal e UNESCO na vestimenta deportiva:

Acreditación: Fotografías da vestimenta (de nova adquisición) serigrafiada con logos do Concello, do Xeparque de Cabo Ortegal e UNESCO
OBRIGATORIA PARA ACCEDER Á SUBVENCIÓN

12.- Emprego da lingua galega: na difusión e propaganda de todas as actividades obxecto da subvención: eventos deportivos en xeral que se realicen no termo municipal durante o 2024 comprendidos no anexo D acompañada da presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web.

Acreditación: Mediante a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, capturas páxinas web, circulares cos socios relativos as actividades realizadas polo club.
OBRIGATORIA PARA ACCEDER Á SUBVENCIÓN

Sexta. Comisión Avaliadora, Concesión e Seguimento das Subvencións. Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das que se formulará a proposta de resolución.

A Comisión de valoración estará composta por:

- Presidencia: a persoal titular da Concellería de Deportes ou persoa en quen delegue.
- Secretaría: unha administrativa dos Servizos económicos do Concello, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.
- Vogais:
 - a persoa titular da Concellería de Facenda ou persoa en quen delegue
 - a persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz pero sen voto.

Á vista da documentación que consta no expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, a Comisión de valoración formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os/as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal. A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias.

Se se renunciase á subvención por algunha das entidades beneficiarias ou quedase crédito sobranse como consecuencia da xustificación insuficiente presentada por algunha entidade, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión do importe sobranse da subvención ao resto de entidades beneficiarias.

Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.



O órgano que concede a subvención comunicará esta opción ás entidades interesadas a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte da entidade solicitante, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá a súa notificación nos termos establecidos na lei.

Contra o acordo que se adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso- administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da resolución.

Sétima. Crédito Orzamentario e importe das bolsas. As subvencións faranse efectivas con cargo as seguintes aplicacións do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2025:

- 341.489.00 por importe de 45.000,00 euros para actividades deportivas.
- 341.789.00 por importe de 15.000,00 euros para investimentos que realicen as entidades.

A subvención será outorgada a todas as entidades beneficiarias, que reúnan os requisitos, rateándose a contía total máxima fixada na convocatoria dentro do crédito dispoñible, por orde de puntuación.

En caso de que o importe asignado a algunha das asociacións, segundo os criterios de valoración, supere o total solicitado pola mesma, adxudicarase o importe solicitado, e o exceso, volverase a repartir entre as demais asociacións concorrentes tendo en conta as puntuacións obtidas.

Para obter a subvención deberá acadarse un mínimo de 60 puntos (25% da totalidades dos puntos totais) entre os criterios de avaliación da base sexta.

Oitava. Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobada en Xunta de Goberno Local a concesión das subvencións, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

O importe restante aboarase unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na base décima.

O pagamento farase mediante transferencia ao número IBAN achegado, unha vez presentada e comprobada a documentación sinalada.

Novena. Réxime de compatibilidade. As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos procedentes de calquera outra administración e que teñan a mesma finalidade, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades ou asociacións que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lles sexan solicitados polo Concello.

As entidades ou asociacións que teñan un convenio co Concello ou unha subvención nominativa do mesmo, así como as comisións de festas e as entidades ou asociacións socioculturais, non poderán participar nesta convocatoria.

Décima. Prazo e forma de xustificación. O orzamento a xustificar será o importe total da subvención



concedida. A data límite para executar a subvención outorgada será o 15 de novembro de 2023. O lapso temporal ao que deben referirse os gastos xustificandos, incluíndo o pagamento, é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2023.

O prazo de xustificación remata o 30 de novembro de 2023 e dita xustificación realizarase mediante a presentación na sede electrónica (<https://sede.cedeira.gal>) mediante unha solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

- Memoria da realización do programa ou actividade (Anexo D) e/ou memoria da realización dos investimentos (Anexo C).
- Relación dos gastos subvencionados e os ingresos obtidos para financeiros (Anexo E).
- Facturas orixinais ou copias compulsadas, que deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - o Os conceptos expresados nos xustificandos de gasto deberán ser obrigatoriamente os que foron motivo de subvención.
 - o A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - o A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.
- Xustificandos bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- No caso de gastos de persoal, nóminas, xustificandos da cotización á Seguridade Social e xustificandos bancarios do seu pagamento.
- Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades con indicación de importe (Anexo E).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida (Anexo E).
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, autorizando a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo E). No caso de non autorizar a comprobación polo Concello, deberá achegar os certificados acreditativos de tal circunstancia.
- Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira. No caso de que os eventos subvencionados fosen executados con anterioridade á publicación destas bases, o cumprimento da obriga de difusión pública considerase cumprida mediante anuncio nun diario ou periódico no que se informe publicamente da subvención do concello e das actividades subvencionadas.
- Carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web das actividades realizadas en 2023 obxecto da subvención.

Undécima. Fiscalización. O Concello de Cedeira resérvase o dereito de realizar un seguimento das actividades subvencionadas con estas axudas, podendo esixir á entidade deportiva unha explicación detallada e documental dos gastos presentados. Tamén poderá anular calquera subvención concedida cando ao seu xuízo, exista incumprimento dos requisitos necesarios para obtención da subvención.

Duodécima. Infraccións, sancións e reintegro. O incumprimento dalgunha das bases previstas poderá implicar a obriga do reintegro parcial ou total dos fondos percibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia de reintegro. O procedemento de reintegro realizarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.



En todo caso o incumprimento das obrigas de colaboración coa Concellería de Servizos Sociais considerase infracción grave, segundo o disposto no artigo 57 da Lei Xeral de Subvencións.

O procedemento de reintegro axustarase ao establecido nos artigos 41 e seguintes de Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Disposición final. No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como a lei 19/2003 de 9 decembro, de Transparencia , acceso a información pública e bo goberno.

ANEXO A - SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SUBVENCION PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE CEDEIRA.

ANO 2025.

DATOS DA ENTIDADE/CLUB SOLICITANTE			
Nome ou razón Social			
CIF		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
Código postal		Localidade	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE/CLUB SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
DNI		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
Código postal		Localidade	
Cargo que representa na entidade			

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

☒ Fotocopia do CIF da entidade
☒ Certificado da composición actual da xunta directiva con indicación de datos e cargo que ocupan
☒ Fotocopia do DNI do asinante das declaracións (Presidente/a ou Secretario/a)
☒ Memoria descritiva (Modelo Anexo C e/ou D)
☒ Copia da póliza de Responsabilidade Civil en vigor, e xustificante de pago exercicio actual
Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridades Social (no caso de non autorizar a comprobación por parte do Concello)
☒ Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención

DECLARACIÓN RESPONSABLE

En relación coas bases reguladoras das subvención para actividades destinadas a clubs e entidades deportivas inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Cedeira, ano 2025, declaro responsablemente que a entidade que represento cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións, e en particular:

- ☒ Que non está sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de Subvención ou a Lei Xeral Tributaria.



- ✓ Que non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refiren os artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ✓ Que está en posesión de un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados da actividade da asociación fronte a terceiros.
- ✓ Que se atopa inscrita no Rexistro de Asociacións da CCAA de Galicia. O número de rexistro é: _____
- ✓ Que acepto as actuacións de comprobación e seguimento que poida levar a cabo o concello.
- ✓ Autorizo para os efectos da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ao Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tiver coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións que debe realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendadas pola Lei 38/2003, xeral de subvención, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese
- ✓ Manifesto o meu coñecemento de que os datos proporcionados poden resultar obrigatorios para a xestión do expediente e que a unidade tramitadora, en tanto non comunique o contrario, entenderá que son exactos e actuais.
- ✓ Comprométome a comunicar ao Concello de Cedeira, no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos proporcionados co fin de proceder á súa actualización
- ✓ Coñezo as responsabilidades legais que poden derivarse de incorrer en falsidade en documentos administrativos e, en particular, a existencia do reintegro da subvención, mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Ten solicitada/concedida **outra subvención** para a mesma finalidade (SI/ NON) . Por un importe de _____€ á entidade _____o importe da subvención recibida polo Concello, xunto con outras percibidas non superará o importe total de gastos.

- ✓ **AUTORIZO** a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social. (De non autorizar ao Concello téñense que presentar certificados de estar ó corrente con ditas Administracións).

ASINADO DIXITALMENTE

ANEXO B-

IMPORTE SOLICITADO PARA ACTIVIDADES	
IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS	
TOTAL IMPORTE SOLICITADO PARA SUBVENCIONS	

D./D^a _____ en calidade de _____ da asociación/entidade _____ declaro responsablemente, en relación aos criterios de avaliación expostos na base cuarta (só riscar en caso afirmativo):

- ✓ Que me comprometo a colaborar coas actividades e eventos que desenvolva o Concello
- ✓ Que emprega o uso da lingua galega no desenvolvemento das actividades para as que vai a servir a subvención solicitada e aos efectos acompañar documentación xustificativa consistente en:
- ✓ Declaro responsablemente a veracidade dos seguintes datos:



DEPORTE BASE	SI/NON
Deportistas nados/as entre 2006 e 2008	
Deportistas nados/as entre 2009 e 2013	
Deportistas nados/as entre 2014 e 2021	

Nº Deportistas federados/as	
Nº mulleres federadas	
Nº homes federados	

Año de constitución da entidade	
---------------------------------	--

Importe Anual de Ingresos por CUOTAS	
Número de deportistas	

IMPRESIÓN LOGOTIPO XEOPARQUE	SI/NON

INSTALACIÓNS DE USO OU PRACTICA DEPORTIVA	
Municipal uso exclusivo	
Municipal de uso compartido	
Propiedade da entidade	
En aluguer	

Medidas activas de promoción da igualdade

Actividade, charla, campaña ou evento de sensibilización	Data de celebración	Lugar

Nº de Técnicos deportivos titulados/as e acreditados:

Nome do Técnico/a deportivo/a	Título acreditado

Organización de actividades, torneos, eventos, etc. no termo municipal:

Actividade, Torneo, evento, etc.	Data celebración	Lugar

Organización de actividades, torneos, eventos, etc. en COLABORACIÓN con outras entidades:

Actividade, Torneo, evento, etc.	Entidade Colaboradora	Data celebración

ASINADO DIXITALMENTE

Nome da asociación	
CIF	

ANEXO C- (PARA INVESTIMENTOS)

Denominación do proxecto	
--------------------------	--



DESCRIPCIÓN DO INVESTIMENTO (*sen prexuízo de que para a xustificación poidan engadirse outros a maiores que cumpran cos requisitos sinalados nas presentes bases)

Finalidade que atende/ utilidade do investimento/ rendemento que se pretende obter co investimento
Beneficiarios/as do investimento
Desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas á inclusión social
Outros detalles necesarios para coñecer o alcance do investimento e a xustificación da súa utilidade pública e da relación coa actividade da asociación ou entidade.

Orzamento dos investimentos

Denominación	Custo previsto	Ingreso previsto	Procedencia do ingreso

ANEXO D- (PARA ACTIVIDADES)

Denominación do proxecto	PRÁCTICA E ENSINANZA DEPORTIVA DE
Obxectivo da actividade	
Número posible de persoas beneficiarias	


Orzamento das actividades

Denominación	Custo previsto	Ingreso previsto	Procedencia do ingreso

Actividades de inclusión social:
Actividades de promoción da igualdade:

ASINADO DIXITALMENTE

ANEXO E- DOCUMENTACIÓN PARA XUSTIFICACION DO IMPORTE SUBVENCIONADO



Cargo que representa na entidade

[illegible][illegible]

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



DECLARO RESPONSABLEMENTE:

✓ Que a subvención se destinou ós mesmos fines para os que foi solicitada e concedida.

✓ **AUTORIZO** a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social. (De non autorizar ao Concello téñense que presentar certificados de estar ó corrente con ditas Administracións).

ASINADO DIXITALMENTE”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 377/2025 DE DATA 29.07.2025 - DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 377/2025 de data 29.07.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025.

O Concello ven subvencionando en concorrencia competitiva as actividades e investimentos relacionados con entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas á area sociocultural para o cal mediante providencia de data 23.07.2025 iniciouse o procedemento para a aprobación das Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025.

Dentro do expediente do orzamento figura unha partida para convocatoria pública de subvencións para actividades relacionadas con programas e actividades vinculadas á area sociocultural por un total de 45.000,00€ na partida 334.489.00 e para investimentos por un total de 15.000,00€ na partida 334.789.00.

Resultando que en data 29.07.2025, asínase por esta Alcaldía o borrador das Bases da convocatoria da referida subvención, en réxime de concorrencia competitiva, a que poderán optar todas as entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas á area sociocultural rexistradas no Rexistro de entidades cidadás do Concello de Cedeira.

Visto o informe de Secretaría de data 29.07.2025 e o informe de Intervención da mesma data.

Consta no expediente retención de crédito número 220250007272 emitida pola Intervención Municipal, na aplicación orzamentaria 334.489.00, por un importe de 45.000,00€ e retención de crédito número 220250007273 na aplicación orzamentaria 334.789.00, por un importe de 15.000,00€ para o exercicio 2025.

Unha vez vista a documentación que se cita, **RESOLVO:**



Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar o gasto para a convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025 por un total de 45.000,00 € na aplicación orzamentaria 334.489.00 e por 15.000,00€ na aplicación orzamentaria 334.789.00.

Terceiro.- Aprobar as bases para a tramitación das subvencións, que se incorporan como anexo a esta proposta.

Cuarto.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e a convocatoria na Base de datos nacional de subvencións.

Quinto.- O prazo de presentación de solicitudes comezará dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base de datos nacional de subvencións.

Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado electronicamente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria dou fe.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2025.

Primeira. Obxecto. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades culturais e sociais coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio e contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega.

As presentes bases terán como finalidade apoiar e mellorar a actividade sociocultural de Cedeira, subvencionando os programas a desenvolver polas asociacións e os investimentos realizados; podendo consistir en programas, eventos, espectáculos ou actuacións socioculturais concretas ou na actividade ordinaria anual da asociación ou entidade sociocultural solicitante.

O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

Segunda. Conceptos subvencionables. Os fondos adxudicados están destinados a financiar programas e actividades musicais, teatrais, e outros programas e actividades socio-culturais.

4. Considéranse gastos subvencionables, en caso de solicitar a subvención para a **realización de actividades**, os seguintes:
 - a. Compra de trofeos
 - b. Compra de material non inventariable ou funxible (materiais, taxas, etcétera)



- c. Gastos de desprazamentos necesarios para a participación en eventos (transporte, aloxamento e manutención).
 - d. Gastos de alugamentos.
 - e. Gastos derivados de actividades realizadas (materiais, taxas).
 - f. Nóminas do persoal e seguridade social, cos requisitos legais.
 - g. Gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (teléfono e internet, enerxía eléctrica, auga e saneamento, material de oficina, administración e outros directamente relacionados coa actividade).
 - h. Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades da entidade ou asociación.
 - i. Seguros de responsabilidade civil, do local, etcétera.
5. Considéranse gastos subvencionables os seguintes no caso de solicitar a subvención para a **realización de investimentos**:
- a. Compra de material inventariable relacionado directamente coa actividade da entidade sociocultural cun importe unitario igua ou superior a 100 euros.
6. En ningún caso serán subvencionables:
- a. Intereses debedores de contas bancarias.
 - b. Sancións administrativas e penais, así como intereses e recargas que se poidan derivar das mesmas.
 - c. Gastos de procedementos xudiciais.
 - d. Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (xantares, comidas, pinchos, ceas, etcétera)
 - e. Gastos pola adquisición de bebidas alcólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.
 - f. Gastos que contraveñan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7-d da Lei xeral de subvencións.

Non se terá en conta, na súa totalidade, a factura ou xustificante de gasto que conteña algún destes conceptos.

Tampouco serán subvencionables aqueles programas nos que se inclúa algunha das seguintes accións:

- a. Actividades que promovan ou xustifiquen calquera forma de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ou calquera outra que atente contra os dereitos fundamentais das persoas.
- b. Aquelas que fomenten ou poidan incitar, directa ou indirectamente, ao uso de drogas, alcol ou tabaco, ou que realicen apoloxía do consumo das mesmas.

Terceira. Requisitos das persoas beneficiarias. Poderán solicitar esta subvención todas as asociacións ou entidades socioculturais de Cedeira, con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas e actividades vinculadas á area sociocultural que reúnan, no momento de presentar a solicitude de subvención, os **seguintes requisitos**:

- a. Estas inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Cedeira, cos datos



actualizados ou presentada a solicitude de actualización.

- b. Ter os estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- c. Non contravir o regulado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia.
- d. Estar en posesión dun seguro de responsabilidade que cubra os danos derivados da actividade da entidade fronte a terceiros.
- e. Se é caso, ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas polo Concello de Cedeira en anos anteriores.
- f. Non ter obrigas tributarias pendentes co Concello de Cedeira, a Administración Tributaria, a Xunta de Galicia (ATRIGA) ou a Seguridade Social.
- g. Non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refiren os artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Obrigacións das persoas beneficiarias. Son obrigas das persoas beneficiarias as que se sinalan na Lei 38/2003, de 17 de novembro, así como:

- a. Someterse ás actuacións de comprobación de veracidade da documentación presentada, para todos os efectos, así como ás inspeccións e controis que se estimen necesarios para verificar a correcta aplicación da subvención concedida, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- b. Xustificar a subvención concedida, presentando na sede electrónica os documentos que se establecen nas bases.
- c. En toda a publicidade relativa ao obxecto da subvención deberá figurar que dita actividade ou investimento está subvencionado polo Concello de Cedeira ou cando menos o logotipo do Concello, así como o logotipo do Xeoparque de Cabo Ortegal e UNESCO.
- d. Comunicar ao Concello de Cedeira a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade, concedidas con posterioridade á data de presentación da solicitude inicial conforme á base Quinta.
- e. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade de Galicia, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- f. Compromiso de colaborar coa Concellería de Servizos Sociais para que persoa menor de idade en risco de exclusión social quede fóra das asociacións ou entidades socioculturais por razóns económicas.

Quinta. Solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacionais de Subvencións.

As instancias presentaranse na sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015. De 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e formalizarase mediante una solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:



1. Declaración responsable e solicitude de subvención (Modelo Anexo A) debidamente asinada.
2. Declaración responsable relativa aos criterios de concesión expostos na base 6ª (Anexo B) debidamente asinada.
3. No seu caso, presentación de carteis, circulares aos socios/as, panfletos, folletos, capturas de páxinas web, etc., referidos ás actividades declaradas no Anexo D que acrediten a utilización da lingua galega.
4. No seu caso, presentación do contrato de aluguer do local da asociación.
5. Proxecto do programa ou actividade que se vai realizar (Anexo D) e/ou proxecto dos investimentos que se van a realizar (Anexo C) debidamente asinados.
6. Fotocopia do DNI/ NIE da persoa solicitante.
7. Fotocopia do CIF da entidade ou asociación.
8. Certificado da composición da xunta directiva.
9. Copia da póliza de responsabilidade civil en vigor acompañada do recibo de pago do ano en curso.
10. Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.

Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos ou non incorpore a documentación esixida, requirirase á entidade interesada mediante calquera medio acreditativo de que se realizou o requirimento para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa petición, procedéndose en consecuencia ao seu arquivo sen máis trámite.

Sexta. Criterios para a concesión. O procedemento asignado para a concesións das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

A contía da subvencións concederáse segundo os puntos que obtivesen en aplicación dos criterios seguintes:

1.- Desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas á inclusión social.

Acreditación: Mediante a memoria de actividade a desempeñar (Anexo D).

Puntuación: 20 puntos

2.- Fomento da participación feminina e igualdade na asociación ou entidade sociocultural. Valórase a participación feminina nas distintas asociacións socioculturais, computando o número de mulleres asociadas sobre o total de socios/as da entidade solicitante e a realización de actividades de promoción da igualdade (charlas, festivais, eventos, formacións, etcétera)

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 45 puntos máximo



PORCENTAXE DE MULLERES PUNTOS	
Entre o 5,01% e o 10,00%	
Entre o 10,01% e o 20,00%	10
Entre o 20,01% e o 30,00%	15
Entre o 30,01% e o 40,00%	20
Entre o 40,01% e o 50,00%	25
Máis do 50,00%	30

Por cada actividade realizada, 5 puntos, ata un máximo de 15

3.- Número de socios e socias en activo que participen nas actividades da asociación sociocultural.

Valórase o número de socios e socias que desenvolvan as actividades na asociación ou entidade sociocultural na data de presentación da solicitude da subvención.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante.

Puntuación: 20 puntos máximo

INTEGRANTES DA ASOCIACIÓN	PUNTOS
Ata 10	
Entre 11 e 20	10
Entre 21 e 30	15
Máis de 30	20

4.- Antigüidade da asociación ou entidade sociocultural (segundo a data de constitución da asociación).

Acreditación: Mediante a presentación do CIF, onde se recolle a data de constitución.

Puntuación: 30 puntos máximo

ANTIGÜIDADE	PUNTOS
Ata 2 anos	5
Entre 3 e 5 anos	10
Entre 6 e 15 anos	15
Entre 16 e 25 anos	20
Máis de 25 anos	25

5.- Instalacións de uso ou práctica da asociación ou entidade sociocultural. A determinación da puntuación farase atendendo a titularidade e propiedade das instalacións onde se levan a cabo as actividades da asociación ou entidade, ou se son de titularidade municipal e están a disposicións doutras entidades ou asociacións socioculturais para o seu uso e desfrute de forma exclusiva ou non, se non de propiedade da entidade ou en aluguer.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Se hai propiedade coa escritura ou documentación acreditativa. No caso de aluguer con contrato de aluguer e xustificante de pago actual.

Puntuación: 15 puntos máximo



	PUNTOS
De titularidade municipal de uso exclusivo	0
De titularidade municipal de uso compartido	5
De propiedade da entidade	10
En aluguer	15

6. Actividades nas parroquias de ámbito rural do concello, referido ás actividades/programas para as que se solicita a subvención. Puntuarán neste apartado as actividades, actuacións, exposicións, cursos e publicacións que se realicen nas parroquias de ámbito rural no termo municipal de Cedeira durante o ano 2024.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 2 puntos por actividade ata un máximo de 10.

7.- Menor importe da cota mensual. A determinación da puntuación farase atendendo ao importe anual de ingresos polas cotas emitidas entre o número de socios e socias dividido entre 12 mensualidades.

Acreditación: Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante.

Puntuación: 25 puntos máximo.

	PUNTOS
Entre 5 e 10,00 euros	25
Entre 10,01 e 20,00 euros	20
Entre 20,01 e 35,00 euros	15
Entre 35,01 e 50,00 euros	10
Máis de 50	0

8.- Organización de actividades, actuacións, exposicións, cursos e publicacións. Puntuarán neste apartado os eventos socioculturais en xeral que se realizaran no termo municipal durante o ano 2024.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 20 puntos máximo.

NÚMERO DE ACTIVIDADES	PUNTOS
Entre 1 e 5	10
Máis de 5	20

9.-Organización de actividades, actuacións, exposicións, cursos e publicacións EN COLABORACIÓN



con outras entidades (outras entidades, asociacións socioculturais, etcétera) e/ou có Concello de Cedeira. Puntuarán neste apartado eventos socioculturais en xeral que se realizaran no termo municipal durante o ano 2024 en colaboración con outras entidade, asociación ou clubs.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 1 punto por actividade realizada, cunha puntuación máxima 10 puntos.

10.-Actividades que requiran a contratación de persoal.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web, así como, os gastos de persoal, nóminas, xustificantes da cotización á Seguridade Social e xustificantes bancarios do seu pagamento no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 5 puntos por mes completo, máximo de 20 puntos.

11.- Actividades que requiran desprazamento, referidas ás desenvolvidas ou a desenvolver para as que serve a subvención.

Acreditación: Anexo D e Declaración xurada (Anexo B) asinada dixitalmente pola Presidencia ou Secretaría da entidade solicitante. Será necesario a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web no período de xustificación e, de non ser así, poderá verse minorado o importe concedido.

Puntuación: 2 puntos por actividade que implique un desprazamento en territorio galego (máx 10 puntos) e 5 puntos por actividade que implique un desprazamento fóra do territorio galego (máx 20 puntos)

12.- Emprego da lingua galega. na difusión e propaganda de todas as actividades obxecto da subvención: eventos socioculturais en xeral que se realicen no termo municipal durante o 2024 comprendidos no anexo D acompañada da presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web.

Acreditación: Mediante a presentación de carteis, anuncios, folletos, panfletos, capturas páxinas web, circulares cos socios e socias relativos as actividades realizadas pola asociación ou entidade sociocultural.

OBRIGATORIO PARA ACCEDER A SUBVECIÓN

Sexta. Comisión avaliadora, concesión e seguimento das subvencións. Nomearase unha Comisión de valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das que se formulará a proposta de resolución.

A comisión de valoración estará composta por:



- Presidencia: a persoa titular da Concellería de Cultura ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - a persoa titular da Concellería de Facenda ou en quen delegue.
 - a persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz pero sen voto.
- Secretaría: unha administrativa de Servizos económicos do Concello de Cedeira, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

A vista da documentación que consta no expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, a Comisión de valoración formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os/as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal. A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias.

Se se renunciase á subvención por algunha das entidades beneficiarias ou quedase crédito sobrance como consecuencia da xustificación insuficiente presentada por algunha entidade, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión do importe sobrance da subvención ao resto de entidades beneficiarias

Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

O órgano concedente da subvención comunicará esta opción ás entidades interesadas a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte da entidade solicitante, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá a súa notificación nos termos establecidos na lei.

Contra o acordo que se adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso- administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da resolución.

Sétima. Crédito orzamentario e importe das bolsas. As subvencións faranse efectivas con cargo as seguintes aplicacións do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2025:

- 334.489.00 por importe de 45.000,00 euros para actividades culturais
- 344.789.00 por importe de 15.000,00 euros para investimento que realicen as entidade.

A subvención será outorgada a todas as persoas beneficiarias, que reúnan os requisitos, rateándose a contía total máxima fixada na convocatoria dentro do crédito dispoñibles, por orde de puntuación.

En caso de que o importe asignado a algunha das asociacións, segundo os criterios de valoración, supere o total solicitado pola mesma, adxudicarase o importe solicitado, e o exceso, volverase a repartir entre as



demais asociacións concorrentes tendo en conta as puntuacións obtidas.

Para obter a subvención deberá acadarse un mínimo de 60 puntos (25% da totalidade dos puntos totais) entre os criterios de avaliación da base sexta.

Oitava. Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobada en Xunta de Goberno Local a concesión das subvencións, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

O importe restante aboarase unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na base décima.

O pagamento farase mediante transferencia ao número IBAN achegado, unha vez presentada e comprobada a documentación sinalada.

Novena. Réxime de incompatibilidade. As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos procedentes de calquera outra administración e que teñan a mesma finalidade, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades ou asociacións que teñan un convenio co Concello ou unha subvención nominativa do mesmo, así como as comisións de festas e as entidades, clubs ou asociacións deportivas non poderán participar nesta convocatoria.

Décima. Prazo e forma de xustificación. O orzamento a xustificar será o importe total da subvención concedida. A data límite para executar a subvención outorgada será o 31 de decembro de 2025. O lapso temporal ao que deben referirse os gastos xustificadas, incluíndo o pagamento, é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

O prazo de xustificación rematará o 31 de decembro de 2025 e dita xustificación realizarase mediante a presentación na sede electrónica (<https://sede.cedeira.gal>) mediante unha solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

- Memoria da realización do programa ou actividade (Anexo D) e/ou memoria da realización dos investimentos (Anexo C).
- Relación dos gastos subvencionados e os ingresos obtidos para financeiros (Anexo E).
- Facturas orixinais ou copias, que deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - o Os conceptos expresados nos xustificantes de gasto deberán ser obrigatoriamente os que foron motivo de subvención.
 - o A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - o A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.



- No caso de gastos de persoal, nóminas, xustificantes da cotización á Seguridade Social e xustificantes bancarios do seu pagamento.
- Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades con indicación de importe (Anexo E).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida (Anexo E).
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, autorizando a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo E). No caso de non autorizar a comprobación polo Concello, deberá achegar os certificados acreditativos de tal circunstancia.
- Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira. No caso de que os eventos subvencionados fosen executados con anterioridade á publicación destas bases, o cumprimento da obriga de difusión pública considerase cumprida mediante anuncio nun diario ou periódico no que se informe publicamente da subvención do concello e das actividades subvencionadas.
- Carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web das actividades realizadas en 2025 obxecto da subvención.

Undécima. Fiscalización. O Concello de Cedeira resérvase o dereito de realizar un seguimento das actividades subvencionadas con estas axudas, podendo esixir á entidade sociocultural unha explicación detallada e documental dos gastos presentados. Tamén poderá anular calquera subvención cando ao seu xuízo, exista incumprimento dos requisitos necesarios para a obtención da subvención.

Duodécima. Infraccións, sancións e reintegro. O incumprimento dalgunha das bases previstas poderá implicar a obriga do reintegro parcial ou total dos fondos percibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia de reintegro. O procedemento de reintegro realizarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

En todo caso o incumprimento das obrigas de colaboración coa Concellería de Servizos Sociais considerase infracción grave, segundo o disposto no artigo 57 da Lei Xeral de Subvencións.

O procedemento de reintegro axustarase ao establecido nos artigos 41 e seguintes de Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Disposición final. No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como a lei 19/2003 de 9 decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

ANEXO A - SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SUBVENCION PARA ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE CEDEIRA. ANO 2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



DATOS DA ASOCIACIÓN SOLICITANTE

Nome ou razón Social			
CIF		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
CP		Localidade	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN SOLICITANTE

Nome e Apelidos			
DNI		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
CP		Localidade	
Cargo que representa na entidade			

DOCUMENTACIÓN APORTADA

☒ Fotocopia do CIF da entidade
☒ Certificado da composición actual da xunta directiva con indicación de datos e cargo que ocupan
☒ Fotocopia do DNI do asinante das declaracións (Presidente/a ou Secretario/a)
☒ Memoria descriptiva (Modelo Anexo C e/ou D)
☒ Copia da póliza de Responsabilidade Civil en vigor, e xustificante de pago exercicio actual
☐ Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridades Social (no caso de non autorizar a comprobación polo Concello)
☒ Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención

DECLARACION RESPONSABLE

En relación coas bases reguladoras das subvención para actividades destinadas a entidades e asociacións socioculturais inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Cedeira, ano 2025, declaro responsablemente que a entidade que represento cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións, e en particular
☒ Que non está sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de Subvención ou a Lei Xeral Tributaria.
☒ Que non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refiren os artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
☒ Que está en posesión de un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados da actividade da asociación fronte a terceiros.
☒ Que se atopa inscrita no Rexistro de Asociacións da CCAA de Galicia. O número de rexistro é:
☒ Que acepto as actuacións de comprobación e seguimento que poida levar a cabo o concello.
☒ Autorizo para os efectos da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ao Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tiver coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións que debe realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendadas pola Lei 38/2003, xeral de subvención, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese
☒ Manifesto o meu coñecemento de que os datos proporcionados poden resultar obrigatorios



para a xestión do expediente e que a unidade tramitadora, en tanto non comunique o contrario, entenderá que son exactos e actuais.

☒ Comprométome a comunicar ao Concello de Cedeira, no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos proporcionados co fin de proceder á súa actualización

☒ Coñezo as responsabilidades legais que poden derivarse de incorrer en falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención, mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Ten solicitada/ concedida **outra subvención** para a mesma finalidade (SI/ NON) . Por un importe de _____ € á entidade _____ e o importe da subvención recibida polo Concello, xunto con outras percibidas non superará o importe total de gastos.

☒ **AUTORIZO** a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social. (De non autorizar ao Concello téñense que presentar certificados de estar ó corrente con ditas Administracións).

ASINADO DIXITALMENTE

ANEXO B-

IMPORTE SOLICITADO PARA ACTIVIDADES	€
IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS	€
TOTAL IMPORTE SOLICITADO PARA SUBVENCIONS	€

D./D^a _____ en calidade de _____ da asociación/entidade _____ declaro responsablemente, en relación aos criterios de avaliación expostos na base cuarta (só riscar en caso afirmativo):

- ☒ Que me comprometo a colaborar coas actividades e eventos que desenvolva o Concello
- ☒ Que emprega o uso da lingua galega no desenvolvemento das actividades para as que vai a servir a subvención solicitada e aos efectos acompaño documentación xustificativa consistente en: _____
- ☒ Declaro responsablemente a veracidade dos seguintes datos:

FOMENTO PARTICIPACION FEMENINA	
Nº de socios/as	
Nº de mulleres asociadas	
Nº homes asociados	

ANO DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE

INSTALACIÓNS DE USO OU PRACTICA	
Municipal uso exclusivo	
Municipal de uso compartido	
Propiedade da entidade	
En aluguer	
Importe anual de ingresos por CUOTAS	
Nº de Socios/as	

ACTIVIDADES DE INCLUSION SOCIAL

Actividade, evento, etc.	Data celebración	Lugar

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Actividade, evento, etc.	Data celebración	Lugar
--------------------------	------------------	-------



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

ACTIVIDADES QUE REQUIRAN CONTRATACION PERSOAL

Nome e Apelidos persoa contratada	CIF/NIF	Data inicio Contrato	Data fin contrato

Organización de actividades, eventos, cursos, exposicións etc. nas parroquias rurais do municipio:

Actividade, evento, etc.	Data celebración	Parroquia

Organización de actividades, cursos, exposicións, eventos, etc. no termo municipal:

Actividade, evento, etc.	Data celebración	Lugar

Organización de actividades, cursos, exposicións, eventos, etc. en COLABORACIÓN con outras entidades:

Actividade, evento, etc.	Entidade Colaboradora	Data celebración

Actividades que requiran desprazamento fora do termo municipal:

Actividade, evento, etc.	Data celebración	Lugar de Desprazamento

Asinado dixitalmente

Nome da asociación	
CIF	

ANEXO C- (PARA INVESTIMENTOS)

Denominación do proxecto	
--------------------------	--

DESCRIPCIÓN DO INVESTIMENTO (*sen prexuízo de que para a xustificación poidan engadirse outros a maiores que cumpran cos requisitos sinalados nas presentes bases)



Finalidade que atende/ utilidade do investimento/ rendemento que se pretende obter co investimento
Beneficiarios/as do investimento
Desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas á inclusión social
Outros detalles necesarios para coñecer o alcance do investimento e a xustificación da súa utilidade pública e da relación coa actividade da asociación ou entidade.

Orzamento dos investimentos

Denominación	Custo previsto	Ingreso previsto	Procedencia do ingreso
	€	€	
	€	€	
	€	€	
	€	€	

ANEXO D- (PARA ACTIVIDADES)

Denominación do proxecto	PRÁCTICA E ENSINANZA SOCIOCULTURAL DE
Obxectivo da actividade	
Número posible de persoas beneficiarias	

Orzamento das actividades

Denominación	Custo previsto	Ingreso previsto	Procedencia do ingreso
	€	€	
	€	€	
	€	€	


Actividades de inclusión social:
Actividades de promoción da igualdade:

Asinado dixitalmente

ANEXO E- DOCUMENTACIÓN PARA XUSTIFICACION DO IMPORTE SUBVENCIONADO

D. /D^a
Cargo que representa na entidade

☒ Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos efectuados pola asociación e que serven

[illegible][illegible]

- ✓ Memoria da realización do programa ou actividade ou do investimento realizado.
- ✓ Facturas orixinais ou copias compulsadas.
- ✓ Xustificantes bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00€ e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- ✓ Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.

✓ Que a subvención se destinou ós mesmos fines para os que foi solicitada e concedida.



✓ **AUTORIZO** a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social. (De non autorizar ao Concello téñense que presentar certificados de estar ó corrente con ditas Administracións).

ASINADO DIXITALMENTE”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 378/2025 DE DATA 29.07.2025 - DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/34

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 378/2025 de data 29.07.2025, que di:

“**Expediente:** 2025/G003/000395

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/34

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/34 que suma un importe total de 124.413,29 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1509	7520251990002000000	03/06/2025	A28141935	MAPFRE ESPAÑA	RESPONSABILIDAD CIVIL GENERAL ""PÓLIZA"":09 61870007336	SE	920	22401	16944,45
F/2025/1910	25 204	30/06/2025	B82485855	HALLKUSS	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU E JUNIO DE 2025	SE	1621	22700	43165,34
F/2025/1928	51/2025	20/06/2025	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS E BENESTAR	1º LIQUIDACIÓN AÑO 2025 (CONFINANCIAMIENTO ESCOLAS INFANTÍS)	SE	3231	45100	23400
F/2025/1949	Rect-ANSA25 7	02/07/2025	B05422571	ANSAPIEN SL	REALIZACIÓN E PRODUCCIÓN DA 1ª EDICIÓN DE CEDEIRA CASTREXA	SE	432	22799	19021,2
F/2025/2128	2025/1798	30/06/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamiento RU Mes Xuño 2025	SE	1623	22799	21882,3
TOTAL									124.413,29 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.



Visto o informe de REPARO de Intervención de data 29.07.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/34 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente. INCÚMPRESE no caso das seguintes facturas:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRAT O	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1509	75202519900020 000000	03/06/2025	A28141935	MAPFRE ESPAÑA	RESPONSABILIDAD CIVIL GENERAL ""PÓLIZA"";096 1870007336	SE	920	22401	16944,45
F/2025/1910	25 204	30/06/2025	B82485855	HALLKUSS	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU E JUNIO DE 2025	SE	1621	22700	43165,34
F/2025/1949	Rect-ANSA25 7	02/07/2025	B05422571	ANSAPIEN SL	REALIZACIÓN E PRODUCCIÓN DA 1ª EDICIÓN DE CEDEIRA CASTREXA	SE	432	22799	19021,2

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros*, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).

O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores

(…)”

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de



recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. DAR CONTA DA RESOLUCION ALCALDÍA NÚM. 384/2025 DE DATA 31.07.2025 DE CONTRATACIÓN ESPECTÁCULOS REDE CULTURAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 384/2025 de data 31.07.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2025



Con data 22 de maio de 2025 foi asinado o Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira para os espectáculos da Rede Cultural 2025, e de conformidade coa resolución número 19652, do 23 de abril de 2025, os espectáculos adxudicados son os seguintes:

Ciclo de espectáculos de intérpretes profesionais de música

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(MC FMI/25) XURXO FERNANDES: LEVAINO! - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOP GALEGA	MC 22/1	7.260,00 €		7.260,00€	4.356,00€		4.356,00€	2.904,00€		2.904,00€
(MC JGR/18) Xan Campos: Xan Campos - XAN CAMPOS RIAL	MC 22/2	3.267,00 €	3.070,00€	6.337,00€	1.960,20€	1.842,00€	3.802,20€	1.306,80€	1.228,00 €	2.534,80€
(MC POM/22) UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA: SOÑO - TROULA ANIMACION, S.L.	MC 22/3	3.146,00 €		3.146,00€	1.887,60€		1.887,60€	1.258,40€		1.258,40€
TOTAL PROGRAMA		13.673,0 0	3.070,00€	16.743,00	8.203,80€	1.842,00€	10.045,80	5.469,20€	1.228,00 €	6.697,20€

Programa de espectáculos de compañías profesionais de danza

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deput.			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(DP POD/18) Cia. Duo Laos: OTROS AIRES - PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS, S.L.	DP 22/1	3.400,00€		3.400,00€	2.040,00€ 1.360,00€		2.040,00€	1.360,00€		
TOTAL PROGRAMA		3.400,00€		3.400,00€	2.040,00€		2.040,00€	1.360,00€		1.360,00€

Programa de espectáculos profesionais de teatro e monicreques

Espectáculo - Entidade/empresa		Total espectáculo			%Deputación			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(TT PTM/3) AVELINO GONZÁLEZ: CHISTES QUE FORON CONTOS - XOSE AVELINO GONZALEZ FERNANDEZ	TT 221	770,00€		770,00€	462,00€		462,00€	308,00€		308,00€
(TT PTM/68) MARÍA DA PONTRAGHA: Contos entre cordas - CHARLATANA S.COOP.GALEGA	TT 222	1.100,00 €		1.100,00€	660,00€		660,00€	440,00€		440,00€
(TT PTM/15) TARABELA CREATIVA: O QUE NON ESTABA ESCRITO - TARABELA CREATIVA, S.C.	TT 223	605,00€		605,00€	363,00€		363,00€	242,00€		242,00€
(TT CIR/95) PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS: PILLALO - PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS, S.L.	TT 224	2.100,00 €		2.100,00€	1.260,00€		1.260,00€	840,00€		840,00€
(TT PTM/55) Cris de Caldas: De ida e volta - URDIME S.COOP.GALEGA	TT 225	925,00€		925,00€	555,00€		555,00€	370,00€		370,00€

Programa de maxia

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(MX PMU/58) MAGO ANTON: O MAGO ANTON PRESENTA "50" (1975-2025) - MICROMAXIAS, S.L.	MX 22/1	3.630,00 €		3.630,00€	2.178,00€		2.178,00€	1.452,00 €		1.452,00 €
TOTAL PROGRAMA		3.630,00€ 2.178,00€	0,00€	3.630,00€	2.178,00€	0,00€		1.452,00€	0,00€	1.452,00€
TOTAL CONCELLO		26.283,00	3.070,00€	0,00€ 29.273,00	15.721,80	1.842,00€ 0,00€	17.563,80	10.481,20	1.228,00€ 0,00€	11.709,20

Consta no expediente documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 31.07.2025.

Por isto, **RESOLVO:**



1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2.- Contratar os espectáculos adxudicados, ao abeiro da Rede Cultural da Deputación da Coruña do ano 2025.

3.- Autorizar o gasto correspondente con cargo ao vixente orzamento, e adxudicar os espectáculos sinalados no apartado anterior.

4.- Dar traslado do presente acordo aos Servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.

5.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

14.1 APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.08.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2025

Conforme ao previsto no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o municipio ten competencia en materia de promoción do deporte e ocupación do tempo de lecer.

En base ao anterior e no marco das festas patronais da Vila de Cedeira, o Concello considera de interese a organización dos Xogos Populares 2025.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2025 figura una asignación para premios de deportes na partida 341.480.00, o Concello como organizador dos xogos asumirá o reparto e pago dos premios, por un importe total de 1.000,00 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) número 220250007527.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto para a convocatoria dos “XOGOS POPULARES 2025” por un total de 1.000,00 euros na partida 341.480.00.

SEGUNDO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo da presente proposta.

TERCEIRO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.



En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

ANEXO I

BASES XOGOS POPULARES 2025

No marco das festas patronais da Vila de Cedeira o Concello organiza os Xogos Populares 2025, que se desenvolverán e premiarán conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Os Xogos Terán lugar o día 13 de agosto no Paseo da Mariña a partir das 17:30 horas. Poderán participar todas as persoas maiores de 14 anos que se atopen inscritos correctamente.

SEGUNDA. A inscrición realizarase de balde, dende una hora antes do comezo dos xogos, será necesario mostrar o DNI ou documento que o substitúa de cada participante. No caso dos menores de idade, terao que presentar o seu titor/a legal, cumprimentando o modelo de autorización paterna (ANEXO II).

TERCEIRA. A relación de xogos a celebrar e a seguinte:

Denominación do xogo	Composición dos equipos
TIRADA DE CORDA	MIXTOS 5 PARTICIPANTES
CARREIRA DE OVOS	MIXTOS 3 PARTICIPANTES
CARREIRA DE SACOS	MIXTOS 3 PARTICIPANTES
REGATA DE CHALANAS	2 PARTICIPANTES
CUCAÑA MARIÑA	INDIVIDUAL
CARREIRA DE BÉBEDOS	MIXTOS 5 PARTICIPANTES

CUARTA. Os xogos rexeranse polas súas regras tradicionais de común coñecemento. O xurado as explicará aos participantes antes de que comece o xogo. En caso de discrepancia na aplicación das mencionadas regras prevalecerá o criterio das persoas que constitúen o xurado. A decisión dos/as xuíces será inapelable.

QUINTA. A composición do xurado é a que segue:

Presidente: Noel López López

Secretaria: Carmela Prieto Cal

Vogais: Roberto Pérez Timiraos, María Hermida Díaz, Javier Salgado Beceiro

SEXTA. O xurado estenderá una acta na que se recollerán os equipos gañadores, e o representante que os mesmos determinen ao efecto do cobro do premio. A Acta elevarase a Alcaldía que adoptará a resolución dispoñendo o pago dos premios correspondentes.



SÉTIMA. A contía do premio para cada un dos xogos será a seguinte:

TIRADA DE CORDA 250,00 euros
CARREIRA DE OVOS 150,00 euros
CARREIRA DE SACOS 150,00 euros
REGATA EN CHALANA 100,00 euros
CARREIRA DE BÉBEDOS 250,00 euros
CUCAÑA MARIÑA 100,00 euros

Resultando un importe total de 1.000,00 euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 341.480.00 do Orzamento municipal para o ano 2025.

OITAVA. As/os premiadas/os deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de IBAN e copia do DNI da persoa que actúa como representante do equipo, a partir do xoves 14 de agosto, no rexistro xeral o una sede electrónica do Concello de Cedeira. No caso de que as/os premiadas/os sexan menores de idade, será o pai, nai ou titor legal do representante do equipo que deberá aportar o certificado de IBAN e copia do DNI. De xeito excepcional, poderase emitir cheque nominativo a nome da persoa que actúe como representante do equipo gañador.

NOVENA. Os premios están suxeitos a retención por IRPF, segundo a normativa vixente.

DÉCIMA. A participación nos xogos populares supón a total e plena aceptación destas bases.

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES DE IDADE (A CUMPRIMENTAR POLO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL DOS/AS MENORES DE 18 ANOS)

D./D^a _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, na miña condición de pai/nai/titor/titora legal de D./D^a _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, pola presente AUTORIZO ao meu/miña fillo/filla/tutelado/tutelada a participar na proba de _____ dos Xogos Populares 2025, baixo a miña responsabilidade, e por tanto, eximo ao Concello de Cedeira e aos responsables encargados das probas da responsabilidade sobre todo tipo de lesións ocasionadas pola participación nesta proba.

En _____, a ____ de _____ de 2025

Fdo:

Adxunto copia do meu DNI/pasaporte en vigor.

NOTA IMPORTANTE: Durante a proba poderán realizarse fotografías ás persoas participantes, que serán utilizadas para a promoción dos Xogos Populares polo Concello de Cedeira e que aparecerán na súa web e redes sociais. Ao inscribirse nas probas, as persoas participantes aos organizadores a reproducir estas fotos.

AUTORIZA:

SI

NON

“



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
M^a DEL MAR ANTÓN BRAGE
(Resolución de Alcaldía N° 362/2025 de 22 de xullo-
Nomeamento Secretaria accidental)